

ACTIVIDADE DE CONSOLIDACIÓN

☺ **Marca a opción** coas **características correctas** para o **xénero poético**.

- a) As obras poéticas escríbense para seren representadas nun escenario
- b) Os poemas narran o que lles acontece a uns personaxes nun tempo e nun espazo determinados
- c) A poesía adoita estar escrita en verso e posúe ritmo e musicalidade
- d) Os textos poéticos conteñen anotacións para a súa posta en escena

☺ **Mide os versos** deste poema (**indica** se hai **sinalefas** e se son de **arte menor** ou de arte **maior**). **Despois analiza a rima**.

O Merlo

O señor merlo larpeiro
na póla máis alta está.
Está subido á cerdeira
e dela non baixará!
Está come que te come,
non ten trazas de parar.
O señor merlo larpeiro
sen cereixas nos ha deixar!

MANUEL MARÍA

☺ **Subliña o termo incorrecto** en **cada serie** de **palabras** relacionadas co **tempo meteorolóxico**:

- a) Babuña, orballo, chuvasco, poalla, zarzallo.
- b) Ballón, bátega, parruma, enxurrada, treboada.
- c) Brétema, borraxeira, parruma, calixe, neboeiro.
- d) Carambelo, folerpa, alustro, pedrazo, sarabia.
- e) Chispa, lóstrego, relampo, lazo, chispa.

☺ **Sinala e explica** os **recursos estilísticos** máis relevantes do seguinte **poema**.

o ce ollo coas acacias con c de coitelo compás de catro por catro acorde de rock máscaras de entroido esconden o gume das súas follas nun estoupido de lámpadas amarelas unha acacia ou mimosa nun entroido hai anos partiume a lingua en dous MARILAR ALEIXANDRE: <i>Abecedario de árbores.</i> Colección Poeta en Compostela, 20	<u>Recursos estilísticos fónicos:</u> <u>Recursos estilísticos semánticos:</u>
--	---

☺ **Busca información** sobre outra **árbore** e **compón** a túa **letra** para o *Abecedario das árbores*. (Aproximadamente 10 versos)

(Esta **páxina** pódete ser **útil**: <http://www.rios-galegos.com/>)

☺ **Completa** correctamente esta **grella** de **verbos irregulares** para poder cantar un bingo verbal. Se é preciso, emprega un **conjugador verbal**.

1 P3 presente indicativo dicir: ...	2 P5 pretérito indicativo facer: ...	3 P6 presente subxuntivo poñer: ...	4 P3 copretérito indicativo haber: ...	5 P2 futuro indicativo facer: ...
6 P4 antepretérito indicativo ir: ...	7 P4 pospretérito indicativo vir: ...	8 P2 pretérito indicativo querer: ...	9 P6 copretérito indicativo ser: ...	10 P1 pretérito indicativo caber: ...
11 P5 pretérito subxuntivo estar: ...	12 P2 presente subxuntivo poder: ...	13 P1 presente indicativo caber: ...	14 P4 antepretérito indicativo traer: ...	15 P6 pretérito indicativo ter: ...
16 P5 copretérito indicativo ver: ...	17 P1 presente subxuntivo ir: ...	18 P4 pretérito subxuntivo dicir: ...	19 P5 antepretérito indicativo saber: ...	20 P3 presente indicativo vir: ...

☺ **Reescribe** os **enunciados substituíndo** os **hipónimos** en **grosa polos** seus **hiperónimos**.

- 1) Encarta a roupa para gardala no **roupeiro** do teu cuarto:
- 2) Na escena do crime había unha **pistola** chea de pegadas do asasino:
- 3) Xantaron nun **restaurante** con decorado nun estilo minimalista:
- 4) O vento rompeu as **rosas** que tiña súa nai colgadas na terraza:
- 5) Aproveitou o período de rebaixas para mercar un chubasqueiro para a chuvia:
- 6) Cultivaba **cebada** para a elaboración da cervexa:

☺ Explica os **elementos connotativos** empregados nestes **anuncios publicitarios**.






